

O FARELO

nº 35
DECEMBRO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR



da situação
económica
Pre\$O\$

leo_massimino



humorleo.blogspot.com

suba_de_impuestos




martirena



xosé_manuel



josé_sarmento



En defensa das oliveiras

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

As desavizas entre Grecia e Turquía, e as comunidades greco-chipriotas e turco-chipriotas marcaron a historia da illa de Chipre.

En 1974, ante a indiferenza do mundo, Turquía invadiu a illa de Chipre e apoderouse da terceira parte do seu territorio. Esa foi a súa resposta a un golpe militar progrego en Chipre que depuxo ao presidente Makarios, constitucionalmente elixido, e cuxo obxectivo era unir a illa a Grecia.

Actualmente a illa permanece dividida, a pesar dos esforzos diplomáticos das Nacións Unidas por resolver esta difereza. A

República de Chipre é membro da Unión Europea e está internacionalmente recoñecida.

Na República Turca do Norte de Chipre, soamente recoñecida por Turquía, as autoridades están a permitir a talla indiscriminada de oliveirais (árbores cuxo froito é a oliva), principalmente na rexión de Kyrenia, para favorecer os intereses de empresas construtoras que, no seu afán de lucro, destrúen, sen a máis mínima consideración o medio ambiente, prexudican a natureza da illa e a recolección da oliva.

Para denunciar esta situación, a Asociación de Caricaturistas Turco-Chipriotas convocou

a segunda edición do Concurso Internacional de Humor Gráfico dedicado á Oliva, no que participaron 327 debuxantes de 49 países, quen enviaron 544 caricaturas.

O primeiro premio correspondeu a Grzegorz Szumowski, de Polonia; o segundo, a Myung Lae, de Corea do Sur, e o terceiro, a Valeriu Kurtu, de Alemaña. Tamén se outorgaron outros premios e mencións.

Unha vez máis, os humoristas gráficos manifestan o seu repudio á destrución do medio ambiente, que cada vez se fai máis patente neste mundo globalizado.

Grzegorz Szumowski, Polonia.



Myung Lae, Corea do Sur.



Valeriu Kurtu, Alemaña.




Angel Boligan, México.



Andrey Klimov, Russia.

Mehmet Kahraman, Turquía.



Novo encontro cos restauradores e empresarios galegos en Madrid



**HD HOSPITAL DE DIA
 PIO XII**

- Chequeos completos.
- Radiodiagnóstico por imagen.
- Servicio de oftalmología.
- Ginecología.
- Cirugía estética.
- Cardiología

<http://www.hospitalpioxii.com/>

Cuesta Sagrado Corazón, 4 - Tlf.: 91 353 15 10 - Fax: 91 345 74 96 - 28016 Madrid

laguardia
www.laguardia-sa.com
 Suministros Laguardia, s.a.

Muebles de baño - Mamparas
 Cocinas - Baños - Duchas
 Fontanería
 Instalación caldera Plan Renove
 Exposición
 Materiales de construcción

Embajadores, 135 - 28045 Madrid - Telf.: 91 506 42 00 - Fax: 91 530 64 27
 Ríos Rosas, 9 - 28003 Madrid - Telf.: 91 399 10 04 - Fax: 91 442 36 36
 Ctra. de Barcelona, Km.34,200 - 28800 Alcalá de Henares
 Telf.: 91 888 34 00 - Fax: 91 881 03 75 - Madrid

ABE ACOERCIONADO P ANTEA PARABOLICA

HOTEL
 **
MEXICO

www.hotelmexico.es
 C/ Gobernador, 24
 Tlf.: 91 429 25 00 - Fax: 91 429 10 01
 28014 Madrid (Frente al Museo del Prado)


Bar Restaurante

Villa de Arbo  **Villa de Arbo II**

C/ Tortosa, 9 (Semi Esquina a Mando Alvarc) 28045 MADRID Tfn. 91 292 44 72
 C/ San Onofre, 10 28004 MADRID Tfn. 91 522 25 26


Restaurante Das
 Padre Damián, 40 (esquina Alberto Alcocer) 28036 MADRID Tel.: 91 458 68 26


Taberna Real
 Plaza Isabel II, nº 8 (esquina c/ Arenal) 28013 MADRID Tel.: 91 559 69 22


Taberna los 4 Robles

Cocina Gallega. Especialidad en Mariscos, Carnes y Pescados
 Plaza de Celenque, 1 28013 Madrid Tel.: 91 522 76 86


RIBEIRA DO MIÑO
www.marisqueriaribeiradomino.com

Marisquería - Restaurante
 'Platos típicos gallegos' - Mariscadas para llevar

Santa Brígida, 1 - 28004 Madrid
 Teléfonos: 91 521 98 54 - 91 531 33 93


Museo del Pan Gallego

EMPANADAS-TARTAS
 ROSCONES-VICAS
 PAN DE CENTENO Y MAÍZ
 FRESCO TODOS LOS DÍAS

HORNO DE LEÑA
 Todo ello fabricado en horno de leña por Técnicos Gallegos

Pza. de Herradores, 9 28013 Madrid Tfn.: 91 542 51 60
 Plaza Santa Ana, 5 Tlf.: 680 87 98 68

restaurante
o cachelo
www.restauranteocachelo.com

Ctra. de Burgos, Km. 19,200
 Avda. del Moncayo, 2
 Pol. Ind. de S.S. de los Reyes, Madrid
 Telf.: 91 652 1440 - 91 652 1449

CERVEGERIA - MARISQUERIA
"GILAN"
 CARNES Y MARISCOS DE GALICIA

Antonio López, 140 - 28026 Madrid
 Telfs.: 91 476 45 79 - 91 229 97 90
 Fax: 91 476 52 81 - Móvil: 657 91 46 97

tomy



e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...
O FARELO ofrécete un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com



Barack Obama.



Francis Ford Coppola.



Ricardo Darín.



Menu Chao.



Silvio Berlusconi.



Pelé.



Ronaldinho, Messi e Elito.

David Pugliese

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

"A caricatura resúltame interesante principalmente por que me permite interpretar, modificar e esaxerar dun modo persoal a realidade, e encarar cada debuxo como un novo desafío plástico", afirma o novo artista arxentino David Pugliese, quen xa se destaca no panorama do humor gráfico do seu país coa súa obra singular e atractiva.

Nacido en 1978 en Quilmes, Bos Aires, David é un ilustrador independente que pu-

blicou os seus debuxos en diversos medios como *Reader's Digest* e *BVoice*, de Arxentina; *Editorial SQP* e revista *BOOM!*, de Estados Unidos, e outros.

As súas caricaturas formaron parte de diversas mostras colectivas exhibidas no Palais de Glace, Alianza Francesa, Espazo 10 Art Gallery, e Museo de Belas Artes, todas en Bos Aires.

En agosto de 2008, David Pugliese, que é membro da Asociación de Debuxantes Ar-

xentinos, realizou a súa primeira exposición individual: *Ilustruras e Caricaciones*, na Universidade Nacional de Quilmes.

"Ao meu entender -expresa David- unha boa caricatura ten que reflectir a 'alma' do personaxe e tamén a esencia do caricaturista, a súa bagaxe cultural, a súa formación, o seu criterio... todo iso debe estar presente. Cos anos, o 'estilo' faise presente e nótase nos grandes artistas. Espero algún día chegar a iso".

"Algúns personaxes -engade- saen rápido, outro non. Ás veces necesito varios bosqueños para chegar a algo que me convezna. Primeiro utilizo a liña, e cando logro a forma que me interesa, pásoo ao soporte

orixinal (papel, cartón, lenzo, etc.). As técnicas que utilizo son variadas: lapis de grafito, lapis de cor, tinta, acrílico, óleo. Unha á vez, non me gustan as técnicas mixtas".

Personaxes do cinema, autores literarios, deportistas, políticos... acaparan a atención das caricaturas persoais que realiza David, cunha mirada creativa e incisiva. Os lectores de *O Farelo* teñen a oportunidade de gozar do seu talento artístico.



román_montesinos



Valo dos laios

guisa e napo

